

UNE 53.968 por un laboratorio acreditado de acordo co Real decreto 2200/1995.

Establecer que os organismos de control autorizados só poderán certificar probas de estanquidade realizadas cun sistema avaliado co procedemento indicado no informe UNE 53.968 por un laboratorio acreditado de acordo co Real decreto 2200/1995.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpor recurso de alzada no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de recepción ante o conselleiro de Economía e Industria, de acordo co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2009.

Ángel Bernardo Tahoces  
Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 20 de maio de 2009 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2007-2008 convocados pola Orde do 15 de xaneiro de 2009.*

A Orde do 15 de xaneiro de 2009 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2007-2008, establece as bases e o procedemento para a súa concesión.

Unha vez realizada polo xurado de selección a valoración das solicitudes presentadas, publicada a acta provisional coas puntuacións obtidas polos candidatos, resoltas as reclamacións presentadas, e vistas a acta coa proposta definitiva do xurado de selección dos premios extraordinarios e a correspondente proposta do secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre a concesión destes premios, este conselleiro

### DISPÓN:

Primeiro.-Conceder os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior, correspondentes ao curso 2007-2008, ao alumnado que figura no anexo a esta disposición.

Segundo.-Contra esta orde poderase recorrer potestativamente mediante recurso de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, coas modificacións da Lei 4/1999, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben, directamente, mediante o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, regulador da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2009.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

### ANEXO

Familia	DNI	Apelidos e nome	Centro educativo	Importe
Actividades físicas e deportivas	44845332-R	Buján Casal, Jennifer	IES A Nosa Sra. Dos Ollos Grandes (Lugo)	732 €
Administración	76415736-F	Otero Cruz, Carmen María	IES As Fontiñas (Santiago de Compostela, A Coruña)	732 €
Artes gráficas	32689688-H	López Fernández, Dulce María	IES Leixa (Ferrol, A Coruña)	732 €
Comercio e márketing	35574941-J	Carballido Balado, Andrea	IES Ribeira do Louro (O Porriño, Pontevedra)	732 €
Edificación e obra civil	76731781-D	Rodríguez Méndez, Javier	CIFP Someso (San Cristovo das Viñas, A Coruña)	732 €
Electricidade e electrónica	36167753-T	Vilaboa Sobrado, Jonathan	IES Fermín Bouza Brey (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra)	732 €
Fabricación mecánica	32704742-F	Montero Muiño, David	IES Marqués de Suanzes (Ferrol, A Coruña)	732 €
Hostalaría e turismo	39454774-E	Sánchez Pérez, Andrea María	CIFP Valentín Paz Andrade (Vigo, Pontevedra)	732 €
Imaxe persoal	76731990-B	Basteiro Álvarez, Lorena	IES 12 de Outubro (Ourense)	732 €
Industrias alimentarias	33347768-E	Río Gegunde, Raquel	IES Leiras Pulpeiro (Lugo)	732 €
Informática	32708846-V	Díaz Pescador, Álvaro	IES Castro da Uz (As Pontes de García Rodríguez, A Coruña)	732 €
Madeira e moble	53305344-S	Sánchez Otero, Pablo	CIFP Valentín Paz Andrade (Vigo, Pontevedra)	732 €
Mantemento de vehículos autopropulsados	76903220-Y	López Álvarez, Javier	CIFP Valentín Paz Andrade (Vigo, Pontevedra)	732 €
Mantemento e servizos á produción	33555808-G	Corredoira Romero, Javier	IES As Mercedes (Lugo)	732 €
Marítima-pesqueira	35476904-W	Millán Oubiña, Ana María	Instituto Galego de Formación en Acuicultura (A Illa de Arousa, Pontevedra)	732 €
Química	53166016-K	Nimo Fernández, Vanesa	CIFP Politécnico de Santiago (Santiago de Compostela, A Coruña)	732 €
Sanidade	77403595-Q	Costas Paz, Adriana	IES Fogar Prov. Príncipe Felipe (Pontevedra)	732 €
Servizos socioculturais e á comunidade	76995254-V	Fernández Rodríguez, Gabriel	IES Primeiro de Marzo (Baiona, Pontevedra)	732 €
Téxtil, confección e pel	32833109-B	Rey Barreira, Yolanda	IES Paseo das Pontes (A Coruña)	732 €

Os/as gañadores/as deberán enviar, no prazo de dez días, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, edificio administrativo s/n, bloque 2, 1º andar, 15781, Santiago de Compostela, a certificación da titularidade dunha conta bancaria con 20 dígitos na que se ingresará mediante transferencia bancaria a dotación do premio